

MEMORIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA (DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO) E A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA, PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN SOBRE O MERCADO INMOBILIARIO E A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS RELATIVAS AO VALOR DE REFERENCIA

A Sra. Directora da Axencia Tributaria de Galicia **DECLARA:**

Que a Axencia Tributaria de Galicia ten previsto formalizar coa Secretaría de Estado de Hacienda (Dirección General del Catastro) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a data da firma do convenio. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto anteriormente, as partes poderán mediante addenda acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

O presente convenio ten por obxecto o intercambio de información para lograr unha mellor eficiencia no exercicio das súas respectivas competencias, e por outra parte, a coordinación das actuacións que permitan o deseño e adopción das medidas xurídicas, técnicas e tecnolóxicas necesarias para a mellor xestión tributaria por parte da Axencia, así como a mellor calidade posible do valor de referencias da Dirección General de Catastro.

Os intercambios de información obxecto do presente Convenio realizaranse ao amparo do artigo 95.1b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O presente Convenio de colaboración é de carácter administrativo, considerándose excluído do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do art. 6 do mesmo.



As partes firmantes comprométense a salientar por acordo mutuo, no seno da Comisión de seguimento, vixilancia e control cantas diferenzas resulten da interpretación e cumprimento deste Convenio, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contenciosa administrativa para o coñecemento de cantas cuestións e litixios puideran xurdir.

Este convenio será inscrito no Registro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal así como no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia. Así mesmo, o presente convenio estará a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto no artigo 8.1 b) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información públicas e bo goberno

A directora da Axencia Tributaria de Galicia

Documento asinado dixitalmente á marxe

